

Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA VINTE E SETE DE FEBREIRO DE 2017.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA
D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ Balsa RÁBADE

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 27 de febreiro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan a súa asistencia os concelleiros D^a. Maria Isabel Rodríguez López e D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 15-02-17.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 15 de febreiro de 2017.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Por parte da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

3.- PROPOSTAS DE GASTOS

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes:

EXPTE. 1253/2017.- EXPTE. 1042/2017.- EXPTE. 165/2017.- EXPTE. 4694/2016.- EXPTE. 4695/2016.- EXPTE. 4697/2016.- EXPTE. 4708/2016.- EXPTE. 538/2017.- EXPTE. 726/2017. EXPTE.729/2016.- EXPTE.736/2017.- EXPTE. 880/2017.- EXPTE. 896/2017.- EXPTE. 897/2017.- EXPTE. 949/2017.- EXPTE. 1385/2017.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

EXPTE. 3561/2016.- ADXUDICACIÓN DA OBRA "PAVIMENTACIÓN Y REPOSICIÓN DE LA RED DE SANEAMIENTO EN EL TRAMO INICIAL DEL CAMIÑO REAL DE VIEIRO - VIVEIRO".

Visto o expediente de contratación CT 16/2016, denominado "PAVIMENTACIÓN Y REPOSICIÓN DE LA RED DE SANEAMIENTO EN EL TRAMO INICIAL DEL CAMIÑO REAL DE VIEIRO - VIVEIRO".

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2016 se aprobou o expediente de contratación mencionado, así como o gasto para realizar a actividade descrita, xunto co prego de cláusulas administrativas

Concello de Viveiro

particulares e de prescricións técnicas e a solicitude de presentación de ofertas a tres empresas.

Visto que solicitadas as ofertas, no prazo para a presentación de proposicións foi rexistrada proposición unicamente polas seguintes empresas:

Carferlo, S.L.

Víaqua Gestión Integral de Augas de Galicia S.A.U.

Visto que en data 16 de xaneiro de 2017 pola Mesa de Contratación se procedeu á apertura da documentación administrativa, considerándose correcta e en data 23 de xaneiro de 2017 a Mesa de Contratación procedeu á apertura das proposicións presentadas para este contrato, tal e como consta na acta da Mesa de contratación de apertura dos sobres Nº2 das proposicións.

Visto que, segundo consta na referida acta da Mesa de Contratación, as ofertas presentadas foron as seguintes:

		OFERTAS (Importes con IVE)	PUNTOS (Cláusula 18 prego cláusulas)
Carferlo S.L.	Económica	21.577,02 €	30
	Prazo	6 días hábiles de traballo	20
Víaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U.	Económica	22.298,28 €	29,03
	Prazo	15 días hábiles de traballo	7,14

Resultando que a Mesa de Contratación, en base ao resultado das ofertas presentadas, porpuxo como adxudicataria á empresa Carferlo, S.L.

Visto que na xunta de goberno local de data 30 de xaneiro de 2017, se procedeu ó requerimento á empresa Carferlo, S.L. da documentación establecida no artigo 151.2 do TRLCSP, referente ó xustificante de ter constituido a garantía definitiva previa á adxudicación do contrato, por importe do 5% do prezo de adjudicación do contrato, excluído o Imposto sobre Valor Engadido, así como da documentación recollida na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas. Resultando que no expediente, remitido polo Servizo de Contratación, consta a presentación da documentación requerida.

Visto o informe favorable de Secretaría coa conformidade de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado “PAVIMENTACIÓN Y REPOSICIÓN DE LA RED DE SANEAMIENTO EN EL TRAMO INICIAL DEL CAMIÑO REAL DE VIEIRO - VIVEIRO” á empresa Carferlo, S.L., con CIF B-27.227.388, por un



Concello de Viveiro

importe total, IVE engadido de 21.577,02 € e por un prazo de 6 días laborables.

Segundo.- A formalización deste contrato coa empresa adxudicataria levarase a cabo no prazo de quince días hábiles dende a notificación da adxudicación aos licitadores.

Terceiro.- Notificar este acordo ó adxudicatario e publicalo no perfil do contratante, así como remitir anuncio referente á formalización do contrato ó Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cuarto.- Nomear a D^a. Irene Fernández Cora, coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Contratación para a súa notificación aos licitadores e comunicación ao Departamento de Intervención e a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

EXPTE. 3559/2016.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: "REPOSICIÓN DE FIRME EN LOS CAMINOS DE ACCESO A LA PLAYA DE AREA EN LA PARROQUIA DE FARO-VIVEIRO".

Visto o expediente de contratación CT14/2016, (expte.3559/2016) correspondente á tramitación do contrato mediante procedemento negociado sen publicidade da obra denominada "Reposición de firme en los caminos de acceso a la Playa de Area en la parroquia de Faro-Viveiro".

Visto o informe favorable da Secretaría Xeral coa conformidade de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto da obra "Reposición de firme en los caminos de acceso a la Playa de Area en la parroquia de Faro-Viveiro", redactado polo arquitecto de obras en outubro de 2016, coa adaptación realizada en decembro de 2016 e cun orzamento de execución por contrata de 40.721,15 euros.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación "Reposición de firme en los caminos de acceso a la Playa de Area en la parroquia de Faro-Viveiro", cun orzamento total de 40.721,15 euros, IVE incluído, cun prazo de execución de un mes, así como a aprobación do gasto.

Orzamento base	21% IVE	Orzamento Total
33.653,84 €	7.067,31 €	40.721,15 €

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares polo sistema de procedemento negociado sen publicidade.

Cuarto.- Nomear como director da obra ao arquitecto de obras municipal, D. Santiago Meitín Míguez, e no suposto de ausencia do mesmo, nomear para a súa substitución a D^a. Irene Fernández Cora.

Quinto.- Nomear a D^a. Irene Fernández Cora coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.

Sexto.- Solicitar a presentación de ofertas ás seguintes empresas, outorgándolles un prazo de cinco días naturais para a súa presentación, tal e como establece a cláusula dezaseis do prego de cláusulas administrativas particulares, do que se lles adxunta copia:

- CARFERLO, S.L. Polígono Industrial de Camba, parcela 56-57, C.P. 27850 Xove (Lugo).
- EXCAVACIONES RAMSEI.S.L. Álvaro Cunqueiro 38, local 1, C.P. 2770, Foz (Lugo).
- EXCAVACIONES ISIDORO S.L. Vilar, 10, C.P. 27880, Burela (Lugo).

Sétimo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión e comunicación do presente acordo ó Departamento de Intervención.

5.- LICENZAS URBANÍSTICAS

EXPTE. 1733/2016.- PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS

Visto o informe-proposta emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo sobre a aprobación provisional do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (art. 73 LSG) en Galdo, formulado por D^a. VIRGINIA MATEOS GARCIA, correspondente ao Expediente: 1733/2016.

Visto que no informe xurídico obrante no expediente constan os seguintes antecedentes:

- A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada en data 10 de outubro de 2016, aprobou inicialmente a proposta presentada por VIRGINIA MATEOS GARCIA, de tramitación dun Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a implantación dun complexo de turismo rural na parcela 496, polígono 33, sita en Sua Chousa-Galdo, deste municipio de Viveiro, coa finalidade de fomentar o turismo de natureza e cultural na zona.

- O Plan Especial foi sometido a información pública mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia numero 221, de fecha 18 de novembro de 2016, e no xornal El Progreso, de data 4 de novembro de 2016.

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

- Con fecha 24 de outubro de 2016 notificouse o acordo de aprobación inicial do Plan Especial e o trámite de información pública á única titular catastral afectada e promotora do plan especial.

- Durante o período de información pública, comprendido entre o 19 de novembro de 2016 e o 18 de xaneiro de 2017, non foron presentadas alegacións.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal.

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo segundo a OUP é solo rústico especialmente protexido. Ordenanza 9. A referencia catastral da parcela nº27067A033004960000XI, Polígono 33, Parcela 496, Sua Chousa. Superficie de parcela 7.649,00 m². Segundo a descrición do Plan Especial de Infraestruturas e dotacións o documento asinado polo arquitecto, D. Eduardo Canals Peres que define as infraestruturas e dotacións necesarias así como a xustificación do cumprimento da normativa urbanística de aplicación para a construción de dous apartamentos semisoterrados cunha superficie construída de 49,45 m² cada un, e unha edificación destinada a recepción de visitantes cunha superficie de 37,35 m² destinadas ao turismo no medio rural, [artigo 35,o) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia. O Plan incorpora a instalación das dotacións e infraestruturas suficientes para o uso pretendido, referidas á colocación dunha fosa séptica, acometidas de luz e auga e o acondicionamento dos accesos e zona de aparcamento. Xustifícase a adecuada integración no territorio, no viario e nas demais dotacións urbanísticas, así como, as medidas de protección para garantir a funcionalidade e accesibilidade, [artigo 73.2) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia. Conclúe o informe técnico informando favorablemente o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, sen prexuízo da tramitación das preceptivas autorizacións necesarias para executar as obras derivadas da aprobación do referido Plan.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

De acordo co artigo 75 da Lei do solo de Galicia, os servizos xurídicos e técnicos municipais deben emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada, e da conformidade do plan coa lexislación vixente.

O artigo 73.2 da LSG dí que os plans especiais de infraestruturas e dotacións conterán as determinacións axeitadas á súa finalidade e, en todo caso, as seguintes:

- a) delimitación dos espazos reservados para infraestruturas e dotacións urbanísticas e o seu destino concreto.
- b) medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e para resolver os problemas que xere no viario e nas demais dotacións urbanísticas.
- c) medidas de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade universal das infraestruturas e dotacións urbanísticas.
- d)

As anteriores determinacións debe engadirse o establecido no artigo 183.2, letra f) do Regulamento da LSG que dispón que no caso de plans especiais para a implantación dos usos previstos no artigo 50, letra o) *-construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se localicen-*, o plan especial incorporará unha xustificación do cumprimento das condicións establecidas no artigo 54 que garanta que a instalación ou construción dedicada ao turismo que se proxecta é potenciadora do medio en que se localiza.

Concello de Viveiro

En relación coa calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente, o arquitecto municipal no informe de fecha 21 de febreiro de 2017, previo á aprobación provisional do plan especial, dí que se definen as infraestruturas e dotacións necesarias así como a xustificación do cumprimento da normativa urbanística de aplicación para a construción de dous apartamentos semisoterrados cunha superficie construída de 49,45 m cada un, e unha edificación destinada a recepción de visitantes cunha superficie de 37,35 m destinadas ao turismo no medio rural, [artigo 35,o) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia; e engade que o plan incorpora a instalación das dotacións e infraestruturas suficientes para o uso pretendido, referidas á colocación dunha fosa séptica, acometidas de luz e auga e o acondicionamento dos accesos e zona de aparcamento, xustificando a adecuada integración no territorio, no viario e nas demais dotacións urbanísticas, así como, as medidas de protección para garantir a funcionalidade e accesibilidade.

En canto ás actuacións administrativas realizadas, deuse cumprimento ás previsións legais (artigo 73.1, letras a) e b) da LSG, non sendo necesaria a solicitude de informes sectoriais ou consultas de ningunha administracións pública.

Visto o que antecede, estima a que subscribe que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación provisional. De acordo co disposto no artigo 21.1 j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local atribúese a competencia para a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno á persoa titular da Alcaldía; dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 3 de xuño de 2015, publicada no BOP de Lugo numero 163 de data 17 de xullo de 2015, polo que será dito órgano municipal o competente para a aprobación provisional do plan especial de infraestruturas e dotacións que se está a informar.

Unha vez aprobado provisionalmente, deberá sometelo, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu informe preceptivo, que deberá ser emitido no prazo de dous meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría. Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, poderá continuarse a tramitación do plan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro: Aprobar provisionalmente o Plan especial de infraestructuras e dotacións para a implantación dun complexo de turismo rural en solo rústico, na parcela 496, polígono 33, de referencia catastral 27067 A033004960000XI, sita en Galdo - Viveiro, promovido por, D^a. Virginia Mateos García.

Segundo: Remitir o expediente, debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo (*Secretaría Xeral de Urbanismo*) para o seu informe preceptivo, que deberá ser emitido no prazo de dous meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Terceiro.- Dar traslado do presente expediente ao Departamento de Urbanismo para levar a efecto o acordado nos puntos anteriores e a realización das notificacións oportunas.



Concello de Viveiro

6.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

EXPTE.- 1531/2017.

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D. David Gómez Portilla, en data 17 de febreiro de 2016, co Nº de rexistro 2017-E-RC-896, referente á fianza depositada en data 03 de marzo de 2015, que ascende á cantidade de 1.200,00 euros, para responder dos posibles danos que se puidesen ocasionar no espazo público ó realizar as obras realizadas na vivenda sita no lugar de A Rosa, nº 3, Magazos, en Viveiro, co expte. URB/148/2014.

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se indica que o espazo público quedou en perfectas condicións, polo que estima proceder a devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. David Gómez Portilla para responder da licenza URB/148/2014, que ascende á cantidade de 1.200,00 euros, depositada no seu momento.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

7.- RECOÑECIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 850/2017.- INDEMNIZACIÓN POR GASTOS DE DEFENSA XURÍDICA.

Para o debate e acordo deste punto por incurrir en causa de abstención, abstense a Alcaldesa, D^a. María Loureiro García.

Visto o escrito presentado por D^a. María Loureiro García, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. Rafael Luis Fernández Amor e D^a. María Isabel Rodríguez López, no que solicitan que por parte do Concello se asuman os gastos de representación e defensa derivados das dilixencias previas 303/2007, PA 39/2015 considerando polos solicitantes que se cumpren os requisitos para que estes gastos que tiveron que sufragar sexan indemnizados polo Concello, como gastos ocasionados no exercizo do seu cargo como membros da Corporación Municipal no momento en que se levaron a cabo as actuacións administrativas denunciadas que deron lugar aos procedementos xudiciais referidos. Adxuntan sentenza firme e copia do

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

xustificante acreditativo de abono dos gastos de defensa ao letrado D. Julio Lois Boedo, minutas e pagos.

Resultando que segundo a documentación obrante no expediente, a cuantía asumida por cada un dos solicitantes por este concepto ascendeu a 18.150,00 euros.

Vistos os informes xurídicos emitidos pola encargada do Departamento de Servizos Xurídicos obrantes no expediente, nos que se conclúe que concorren os requisitos establecidos pola xurisprudencia do Tribunal Supremo para poder considerar os gastos de defensa reclamados como gastos ocasionados no exercizo do seu cargo, e por tanto reembolsables polo Concello de Viveiro e que a cuantía minutada polo catro defendidos sería conforme ao establecido no Baremo de Honorarios dos Colexios de Abogados de Galicia.

Visto que pola Intervención Municipal se procedeu á realización de retención de crédito por importe de 72.600,00 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Indemnizar a D^a. María Loureiro García, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. Rafael Luis Fernández Amor e D^a. María Isabel Rodríguez López, polos gastos de representación e defensa derivados das dilixencias previas 303/2007, PA 39/2015, por importe de 18.150,00 euros a cada un dos solicitantes, segundo a documentación e informes obrantes no expediente.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Servizos Xurídicos para a súa notificación aos interesados e comunicar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería para realizar a tramitación correspondente para levar a efecto o acordado no punto primeiro.

EXPTE. 1546/2017.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

Visto que, segundo consta na dilixencia de intervención obrante no expte, a factura nº de rexistro de entrada F/2017/2017 retirouse da relación de obrigas para a súa aprobación pola Alcaldía debido á urxencia para o seu pago.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

expediente 1546/2017, coa excepción da factura nº de rexistro de entrada F/2017/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

8.- ROGOS E PREGUNTAS

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:00 horas do día 27 de febreiro de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.